

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA



InteRed



CARA A UNHA VIDA QUE COIDA: ECOFEMINISMO E DECRECEMENTO ZERO WASTE. Interred, 2025.

Este manual, que forma parte do proxecto “Construíndo comunidades coeducativas activas pola igualdade e a sustentabilidade”, reúne tres miradas: ecofeminista, decrecentista e zero waste. Para reflexionar e revisar os seus límites, ofrecendo pistas prácticas para incorporalas na vida cotiá. Propón facelo desde a alegría, a creatividade e a celebración, con retos familiares, exemplos e un decálogo de boas prácticas para avanzar cara a unha vida máis sostible, xusta e feliz.

Descárgao en



<http://bit.ly/4oRba8S>

EVALUACIÓN COMPETENCIAL CON PERSPECTIVA ECOSOCIAL. FUHEM, 2025.

Unha guía que afronta o reto de avaliar competencias de forma xusta e significativa, ofrecendo estratexias adaptables a cada centro. Integra un enfoque ecosocial que conecta aprendizaxe, valores e práctica, promovendo avaliacións que formen e acrediten. Máis que un método, é unha invitación para transformar a avaliación nunha ferramenta para educar con conciencia, equidade e compromiso co planeta.



Luis González
Reyes,
Paula Martín-
Lunas Villoria

Descárgao en



bit.ly/4afWkVP



Simón
Menéndez,
Alberto
Rico



UNA EDUCACIÓN QUE TRANSFORMA. Cuatro Hojas, 2025.

Este manual da Fundación ASHOKA é unha invitación para crer no poder transformador da educación. Ofrece mapas e ferramentas para que cada persoa desenvolva competencias que cambien a súa contorna e constrúan realidades máis xustas. A través de experiencias e preguntas, impúlsanos a explorar, cuestionar e actuar, convertendo o ensino nunha viaxe cara á esperanza e a acción colectiva.

Descárgao en



bit.ly/44S2F64

KIT EDUCATIVO SOBRE LOS PLÁSTICOS OCEÁNICOS. Ocean Wise, 2024.

Este kit educativo ofrece ferramentas para que o alumnado comprenda o impacto dos plásticos nos océanos e a importancia da conservación mariña. Combina explicacións científicas e actividades prácticas (investigacións, debates e accións de reciclaxe) para fomentar a conciencia ecolóxica, a responsabilidade e compromiso ambiental. Un recurso ideal para traballar a contaminación, a sustentabilidade e a cidadanía ambiental nos centros educativos.



Ocean Wise



Descárgao en



[Guía do educador](#)

[Caderno de traballo estudante](#)



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



**DOMINGO
QUIROGA**
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN



**Deputación
DA CORUÑA**



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA





María
Nava
De La Varga



LA INCLUSIÓN DE MATERIALES RECICLADOS PARA LAS PROPUESTAS DE APRENDIZAJE EN EL AULA. TRABAJO FIN DE GRADO. Universidad de Valladolid, 2025.

Este traballo propón a incorporación de materiais reciclados como recurso educativo central para educación infantil. A través dunha metodoloxía activa, lúdica e manipulativa, os nenos e nenas convértense en protagonistas da súa aprendizaxe, desenvolvendo creatividade, pensamento crítico, autonomía, habilidades motrices e conciencia ecolóxica. A iniciativa busca sensibilizar desde idades temperás sobre a sostibilidade, a reutilización e o respecto polo medio ambiente, promovendo valores como a responsabilidade, a solidariedade e o coidado da contorna.


Descárgao en



bit.ly/48LdZCb

HUERTO DE PLANTAS AROMÁTICAS COMO HERRAMIENTA DE APRENDIZAJE EN EDUCACIÓN PRIMARIA. TRABAJO FIN E GRADO. Universidad de Valladolid, 2025.

Este traballo propón crear un horto escolar de plantas aromáticas como recurso para que o alumnado de primaria aprenda de forma práctica e activa. A través do cultivo, os nenos e nenas exploran os sentidos, coñecen o ciclo das plantas e traballan valores como a responsabilidade, o coidado do medio e a cooperación. A proposta inclúe actividades sinxelas e integradas no currículo, destacando o horto como unha ferramenta útil para fomentar a educación ambiental nos centros educativos.



Lucía
Diego
Ruíz

Descárgao en




bit.ly/4rWhrTw





Clara
Teixidor
Toneu




LAS AVENTURAS DE UN CORMORÁN MOÑUDO. Corys, 2025.

Un cómic divulgativo que achega ao alumnado á vida desta ave mariña tan característica das nosas costas. A través dunha historia sinxela e ilustracións cheas de movemento, acompáñase a un novo corvo mariño mentres aprende a voar, a mergullar e a sobrevivir nun ecosistema cheo de desafíos. O cómic incorpora mensaxes claras sobre a conservación: o impacto do lixo mariño, a importancia de respectar as colonias de cría e a necesidade de coidar o litoral. Un recurso para traballar a biodiversidade, os hábitos responsables e protección do medio mariño.

Descárgao en  <https://bit.ly/3Kvli9b>

¿QUÉ ESCONDE EL NIDO DE UN PÁJARO? Y OTROS MISTERIOS FASCINANTES SOBRE LA NATURALEZA Y EL CICLO DE LA VIDA. Errata Naturae, 2025.

Un libro divulgativo e ilustrado que nos invita a descubrir, como os paxaros crean, coidan e protexen os seus niños. A través de ilustracións cheas de detalle, a autora explica os materiais que empregan, as estratexias de construción e o papel esencial que teñen estes refuxios no ciclo de vida das aves. A obra fomenta a curiosidade polo mundo natural e axuda a comprender a importancia de conservar os ecosistemas. Un recurso ideal para introducir ao alumnado no coñecemento da biodiversidade e no respecto pola fauna que nos rodea.



Rachel
Ignatofsky

En préstamo en  Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)
Bibliotecas Públicas: [Ortigueira](#)

Blanca
Lacasa,
Ana
Gómez
(il.)



¡EY! ESTA ES MI CASA. Errata Naturae, 2021.

Este libro mostra ás nenas e nenos as casas que constrúen diferentes animais: refuxios comunitarios, colmeas, niños, castoreras... Cada páxina explica, con humor e ilustracións atractivas, como cada especie adapta o seu fogar para durmir, criar, defenderse ou almacenar comida. Así como as persoas construímos vivendas, os animais teñen as súas casas adaptadas ás súas necesidades. O libro promove o respecto pola diversidade da natureza e o recoñecemento de que todos os seres vivos teñen dereito a un hábitat.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Neda](#), [Porriño](#), [Santiago](#), [A Coruña](#)

REVISTA PANTERA N.15. Savanna Books, 2025.

O número 15 da revista Pantera é un exemplar adicado ao mundo do abraio. Entre os seus contidos inclúe: os ecosistemas e a biodiversidade, a escritura, debuxos creativos, titoriais prácticos de ecoloxía, relato, entrevista, cómic... Para fomentar a curiosidade polos fenómenos naturais e a imaxinación a través destes contidos diversos e participativos. Motivando accións respectuosas co medio ambiente mediante unha combinación de información, actividades creativas e relatos.



Varios
autores

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)



BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS
PARA TODA A
CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS
DIRIXIDOS A
CENTROS
EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>